



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2022/9
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, MARTES 22 DE NOVEMBRO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 11:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

OLALLA BENLLOCH LEMA
JAVIER ROMAR ALVARELLOS
CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO
JAVIER LEMA SUAREZ
SOFIA LOPEZ SIMON
SANDRA VILELA RIVEIRO

AUSENCIAS:

MONICA VILELA VILELA (comunica a súa escusa)
MANUEL CARAMES LOPEZ (comunica a súa escusa)
TANIA ROMERO GARCIA
IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

SECRETARIA: Dna. Rosa Ana García Fernández
INTERVENTORA: Dna. Mónica Iglesias Prego

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación actas anteriores (plenos 16 de setembro e 4 de outubro de 2022)
- 2.-Proposta anulación parcial e aprobación modificación de crédito 16/2022, e acordo Abastecemento de Auga en Suxo
- 3.-Aprobación plan actuacións abastecemento de auga

1.-Aprobación actas anteriores (plenos 16 de setembro e 4 de outubro de 2022)

As actas das sesións anteriores de 16 de setembro e 4 de outubro de 2022, quedan aprobadas por unanimidade dos membros presentes.

2.-Proposta anulación parcial e aprobación modificación de crédito 16/2022, e acordo Abastecemento de Auga en Suxo.

A secretaria explica que se trae a pleno proposta de Alcaldía da que teñen copia os grupos municipais, dictaminada favorable pola Comisión Informativa de Contas.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Inicia o debate Dña Sandra Vilela: “Pensei que ías explicar o contido da proposta un pouco porque é importante que digas aos vecinos de Suxo e ao goberno que votamos un novo proxecto para a auga de Suxo porque o anterior non se pode levar a cabo por non existir acordo con Vimianzo, e debes explicar o que estiveches facendo ao respecto durante tres anos. Dixestes que tiñas todos os permisos e acordos e non é así, non hai nada de nada, nin con Augas de Galicia, nin coa Deputación...Qué pasou co proxecto inicial?. En total eran 700.000€, e agora traes un de 198.000€, e debes de explicar o porque non se aproba o proxecto total que quizais estaría ben facelo agora porque non sabemos se o vindeiro ano teremos fondos para elo. Deberías explicar o significado e aprobar este proxecto o 22 de novembro, pois se lemos o informe da intervención fala de prazos para licitar e adjudicar a obra que no mellor dos casos sería máis do 20 de decembro, e se non se fai a obra a 31 de decembro como estaba nunha modificación de crédito, é como se non se houbera aprobado nada. O diñeiro volve a remanente e a obra queda parada. O que vostede fai é enganar, de forma conscente outra vez aos vecinos de Suxo. O proxecto suscita dúbidas porque sacar a auga de onde non hai é pan para hoxe e fame para mañán. Dixen que votaríamos a favor para que non queden dúbidas sobre o abastecemento a Suxo pero esta obra non vai a poder executarse.”

Intervén seguidamente D Carlos Fernández: “ En marzo de 2021 aprobamos un gasto plurianual para o auga de Suxo, e a túa proposta era investir 118.000€ no ano 2021. Aprobámolo advirtindo que non se ía poder cumprir os prazos porque había permisos sectoriais pendentes, e ti aseguraste que ía a estar realizada e non é así. Foi o primeiro engano aos vecinos. En agosto de 2022, segundo engano, volves a traer a pleno 196.000€ para este auga, que volvemos a aprobar pese a saber que esta obra non se ía realizar e iría a cargo do aforro no banco, e si a 31 de decembro non estaba rematada, tería que pararse. O teu descaro de dicir nas redes sociais que é a oposición a que non quere levar a auga a Suxo é imperdonable. Non sei que queres que fagamos si xa aprobamos tres proxectos diferentes. A auga neste novo proxecto ven do depósito de auga de Muxía, depósito que no verán ten que encherse con camións de auga, con moito gasto para o concello. É imposible que o proxecto se traia a pleno en novembro, e se lemos o informe de intervención este gasto carece de xustificación, etc. Materialmente non se pode executar nada do gasto en 2022 e para 2023 é imposible volver a propoñelo antes de marzo, cando se liquide o orzamento. Esta primeira fase é colocar tuberías pero é preciso máis diñeiro para toda a obra e non hai contacto con Deputación nin con Augas de Galicia para acadar financiación para rematar a obra. Debes entender que é digno recoñecer erros antes de seguir estancando a actividade política deste Concello.”

O Sr Alcalde intervén: “ Como o movemento se demostra camiñando e a auga de Suxo votando , someto a proposta a votación”.

O Pleno, por unanimidade dos integrantes presentes, acorda aprobar a proposta recollida a continuación:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a anulación parcial da modificación de crédito por crédito extraordinario e suplemento de crédito 16/2022 polo importe de 196.231,97 euros, de acordo co detalle que se indica de seguido:*

Partida orzamentaria	DESCRIPCIÓN DO GASTO	IMPORTE
-----------------------------	-----------------------------	----------------



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

161.619.00	Abastecemento de auga en Suxo	196.231,97
	TOTAL	196.231,97

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en suplemento de crédito polo importe total de 196.231,97 € de acordo co detalle que se indica de seguido, derivado da anterior anulación conforme ao detalle de aplicacións de gastos que se indican de seguido:

Partida orzamentaria	DESCRIPCIÓN DO GASTO	IMPORTE
161.61900	Fase 1.- Mellora rede de abastecemento de auga potable no concello de Muxía. Tramo Vilar de Sobremonte-Suxo	196.231,97

TERCEIRO: Someter a exposición pública este acordo segundo procedemento legalmente establecido, considerando definitivamente adoptado este acordo se non se presentan no prazo regulamentario reclamacións ao respecto.

CUARTO: Aprobar o referido proxecto.

3.-Aprobación plan actuacións abastecemento de auga

A Secretaria explica que se está realizando, con subvención da Xunta de Galicia e segundo a súas indicacións, unha auditoría da rede de abastecemento de augas así como un Plan de actuacións para minimizar as perdas de auga dos sistemas de abastecemento nos vindeiros 4 anos, sendo o seu contido:

- Medidas e actuación para redución dos consumos autorizados non rexistrados.
- Medidas de actuación para redución de perdas aparentes e reais.
- Estudo económico que valora os investimentos a realizar e a recuperación económica en termos de redución de perdas de auga.

Sen producirse debate, o Pleno, por unanimidade acorda:



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

-Aprobar o Plan de actuacións para minimizar as perdas de auga no Concello de Muxía 2023-2026

Ás 11:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, a data da sinatura electrónica

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña